

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 5 DE MARZO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DATA: 5 de marzo do 2014

HORA DE COMEZO: 14:15 h.

HORA DE REMATE: 15:05 h.

**ASISTENTES:**

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Ledo Fernández.

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**URBANISMO E VIVENDA**

**1º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 27 DE FEBREIRO DO 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**1.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:**

1.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiarl as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\*\*\*

EXPEDIENTE Nº 24.851.- A Jaime Valladares Rodríguez e Raquel Barreiro Fandiño, con enderezo en Real 62 - 3o C - Cangas, para en Trigás - Coiro, en solo de núcleo rural, regulado polas ordenanzas 9 e 11, ampliar un soto de 55,53 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto visado o 18 de novembro de 2.013, a que antes do comenzo das obras presente o oficio de dirección, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza. Deberá cumprir ademais as determinacións previstas na autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de data 16 de xaneiro de 2.014, a edificación á maior das seguintes distancias: 7 metros dende a arista exterior da explanación/ 11,30 m. Do eixo da estrada.

formidade co exposto polo técnico arriba citado.

## 2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.740.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR PAULA VILARIÑO GOBERNA E MANUEL ANGEL CAMBA SANMARTIN.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 24 de febreiro de 2014, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Paula Vilariño Goberna e Manuel Angel Camba Saanmartin, con enderezo en Avda. De Vigo 150 - Io A - Cangas, para vivenda, sita en Avda. De Bueu 73 - Darbo, construída o abeiro da licenza municipal Nº 23.026. b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

## 2.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.287.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Santa Baía 2 - 10- Cangas, executar unha canalización de 47,00 metros, para gas natural, foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

EXPEDIENTE Nº 20.542.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR DAVIDE BARATTO.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 25 de outubro de 2.013, acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo a LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Davide Baratto, con enderezo en rúa do Sol 41 - Cangas, para aproveitamento baixo cuberta no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 20.413.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.003.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.984.- A Pedro Vieitez Lorenzo, con enderezo en Miranda 3 - Coiro, modificaselle a referida licenza no sentido en que as obras de construción de cerco, axustaranse igualmente o proxecto de decembro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.254.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Barreiras e Furnas - Santa Marta a- Darbo, executar unha canalización de 789,62 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o periodo das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 37.814,48 euros para responder das obras de reposición da via pública.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirtéselle da obrigabilidade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vienda de Galiza, da exigencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.488.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Rúa Nova - Eugenio Sequeiros 24 - Cangas, executar unha canalización de 44,97 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o periodo das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 1.984, 74 euros para responder das obras de reposición da via pública.

Debrerase axustar, asi mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da emprea a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanxa.

EXPEDIENTE Nº 24.694.- A UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., con enderezo en Trav. De Vigo 104 - Vigo, para en Rúa Estrela 9 - Cangas, executar 32,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, e 175,00 metros de cableado por canalización existente, de conformidade co proxecto SGD 248312100088, -He 2 de xullo de 2.013 e coas seguintes condicións:

A Compañía deberá retirar o cabreado das fachadas das rúa polas que discorre a canalización nova e proceder o seu soterramento, deixando en aéreo só as acometidas ós particulares.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 1.200, 00 euros para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Debrerase axustar, asi mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirtéselle da obrigabilidade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vienda de Galiza, da existencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.800.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.671.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse ó proxecto modificado presentado con data 10 de decembro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.836.- A Maria del Carmen Martínez González, con enderezo en Rozabales 35 - Aldan, para no referido lugar, construír un cerco de 25,90 metros, de conformidade coa documentación presentada e condicionado a que a liña de edificación sexa a que fixa O Servizo Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 8 de xaneiro de 2.014.

EXPEDIENTE Nº 24.892.- A Serafin Novas Martinez, con enderezo en Baixada a Areacoba 66 - Aldan, para en Camiño da Saloa s/n - Hio, efectuar un recheo de terras na parcela, de 160,00 m3, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.894.- A Manuel Paz Otero, con enderezo en Anduriña 11 - Vigo, para en Camiño da Garita 13 - Nerga - Hio, repoñer o material de cubrición da vivenda en 44,16, de conformidade co estudo técnico de decembro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.898.- A Benito Rial Marcelino, con enderezo en Gruncheiras 20A - Coiro, para no referido lugar, colocar unha piscina plástica de 8,00 m2 e un cenador de 18,00 m2, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.901.- A José Maria Rodríguez Muñiz, con enderezo en rúa Lisboa Lisboa 12 - 6o C - Torejón de Ardoz - Madrid, para en Camiño da Fonte - Gandón - Aldan, cambiar a tella e reparar a cuberta en 80,80 m2, de conformidade co estudo técnico de xaneiro de 2.014.

EXPEDIENTE Nº 24.906.- A UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., con enderezo en Trav. De Vigo 104 - Vigo, para en San Pedro 33 - Darbo, executar 17,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248313080020, de 20 de decembro de 2.013 e coas seguintes condicións: Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 4 97,94 euros para responder das obras de reposición da via pública.

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da emprea a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advirteselle da obrigabilidade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da existencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.909.- A Remedios Gil Carracelas, con enderezo en Avda. De Vigo 85 - 3o - Cangas, para no referido lugar, executar reparacións interiores en 91,67 m<sup>2</sup> e exteriores en 60,30 m<sup>2</sup>, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.910.- A Josefa Piñeiro Martinez, con enderezo en Gatañal, 12 - Darbo, para no referido lugar proceder á substitución de carpintería interior, pavimento e alicado de baño en 4,00 m<sup>2</sup>, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.923.- A Antia Iglesias Fernandez, con enderezo en Avda. E Marin 22 - Io B - Cangas, para no\* referido lugar, reparar o baño en 8,00 m<sup>2</sup>, de conformidade coa documentación presentada.

## **SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

### **2º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**



## 2.A) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN S/CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Vista a proposta de resolución do día 26.2.14 do xefe do Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a concesión do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que é como segue:

### "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

*Estanislao Graña García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)*

*En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*CONCEDERLLE a Carmen Pardavila Rial co nº de expediente VI/38964 o Servizo de Axuda no Fogar, por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do SAF, a través do sistema de atención á dependencia e de acordo cos seguintes detalles:  
Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal*
- Atencións de carácter doméstico*

*- Custo do servizo: OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (862,68 euros).*

*- Achega económica da persoa usuaria: 129,11 euros/mes.*

*- Número de horas: 70 horas ao mes*

*- Data prevista de alta no SAF: marzo de 2014."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta de resolución transcrita.

## 2.B) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN S/CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Vista a proposta de resolución do día 26.2.14 do xefe do Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a concesión do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que é como segue:

## "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Estanislao Graña García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

CONCEDERLLE a María Cadbón Gutiérrez co nº de expediente P0/33201 o Servizo de Axuda no Fogar, por reunir os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora do SAF, a través do sistema de atención á dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

### Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter doméstico

- Custo do servizo: *OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (862,68 euros).*

- Achega económica da persoa usuaria: 181,52 euros/mes.

- Número de horas: 70 horas ao mes.

- Data prevista de alta no SAF: marzo de 2014."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta de resolución transcrita.

## CONTRATACIÓN

**3º.- DAR CONTA DE ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICAR, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, EXECUCIÓN DAS OBRAS CORRESPONDENTES AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA-1ª RELACIÓN DE PROXECTOS POSP-13**

Examinado o escrito do día 13.2.14 da Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, no que se da conta do acordo aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación, en sesión de data 31.1.14, referente a aprobación de expediente de

contratación para adxudicar, mediante procedemento aberto, execución das obras correspondentes ao plan provincial de obras e servizos da Deputación de Pontevedra-1ª relación de proxectos POSP-13, no que se inclúen as seguintes obras do Concello de Cangas:

- PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN VIEIROS ESPÍÑEIRA E AREACOVA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do acordo aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación, en sesión de data 31.1.14, referente a aprobación de expediente de contratación para adxudicar, mediante procedemento aberto, execución das obras correspondentes ao plan provincial de obras e servizos da Deputación de Pontevedra-1ª relación de proxectos POSP-13.

#### **4º.- PROPOSTA S/RENOVACIÓN DAS MARCAS NACIONAIS "FACHO" E "BEROBREO"**

Vista a proposta da Alcaldía do día 27.2.14, referente a renovación das marcas nacionais "FACHO" e "BEROBREO", que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RENOVACIÓN DOS REXISTROS DE MARCAS NACIONAIS 'FACHO' E 'BEROBREO'*

*Vista a comunicación remitida pola mercantil 'IBERPATENT, S.L.', de data 21/01/2013, co fin de que de ser de interese do concello manter en vigor os expedientes das marcas que de seguido se relacionan por un novo período de 10 anos, se ten que proceder a solicitar a súa renovación:*

- *MARCA NACIONAL MULTICLASE número 2.600.660*  
*- Clases: 6,16, 25, 38, 39 e 41 do nomenclator oficial.*  
*"FACHO"*
- *MARCA NACIONAL MULTICLASE número 2.600.661*  
*- Clases: 6,16, 25, 38, 39 e 41 do nomenclator oficial.*  
*"BEROBREO"*

*Visto que se considera de interese para o Concello de Cangas manter, cando menos, a vixencia das citadas marcas nas clases 16 e 41 da Clasificación Internacional de Niza, de cara a preservar o dereito exclusivo e excluínte do uso destas fronte a signos similares ou fraudulentos de terceiros, foi solicitado á empresa un orzamento dos custos da citada renovación que foi emitido con data 19.02.2014 e segundo o cal a preparación e presentación na Oficina Española de Patentes e Marcas (O.E.P.M.) da documentación necesaria solicitando renovación dos expedientes que se citan a continuación, incluíndo taxas oficiais, seguimento e vixilancia do expediente, ata a súa*

*resolución, así como, obtención de resolución e título de renovación e mantemento da representación durante os vindeiros anos de vixencia dos rexistros:*

*MARCA NACIONAL MULTICLASE número 2.600.660 'FACHO'*

*- Clases da clasificación Internacional de Niza: 16 e 41.*

*- 2 clases a razón de 246,00 € cada clase..... 492,00 €*

*MARCA NACIONAL MULTICLASE número 2.600.661 'BEROBREO'*

*- Clases da clasificación Internacional de Niza: 16 e 41.*

*-2 clases a razón de 246,00 € cada clase..... 492,00 €*

*SUBTOTAL..... 984,00 €*

*IVE (21%) non incluído*

*O que daría lugar a un total unha vez agregado o IVE de MIL CENTO NOVENTA EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.190,64 €). Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### ACORDO

*Primeiro.- Tramitar a renovación das marcas antes citadas 'FACHO' e 'BEROBREO' nas Clases da Clasificación Internacional de Niza: 16 e 41, aceptando a oferta efectuada pola mercantil 'IBERPATENT, S.L.', e adoptando as disposicións oportunas para tal efecto, incluída a cumprimentación pola Alcaldía das autorizacións á axente da propiedade industrial precisas.*

*Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto na contía total unha vez agregado o IVE de MIL CENTO NOVENTA EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.190,64 €). Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Intervención para que proceda á súa tramitación."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a renovación das marcas nacionais "FACHO" e "BEROBREO".

### **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

#### **5º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS**

##### **5.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos

informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

<b>NOME E DNI</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
CARMEN MOLANES FERNÁNDEZ DNI Nº 35.287.341-M	Avda. de Ourense, nº 15-Coiro.	Avda. de Ourense, nº 15-Coiro. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 252. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.
ANUNCIA LORENZO LÓPEZ DNI Nº 35.151.330-Q	Rúa David Cal, nº 7-1º-O Hío.	Rúa David Cal, nº 7-1º-O Hío. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 659, concedido en X.G.L. de data 8.8.07 á solicitante. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

#### 5.A.2) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 10.2.14 por RAFAEL FERREIRO LORENZO, DNI nº 78.735.999-F, con enderezo en Avda. de Ourense, nº 18-2º-C-Cangas, na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente que ten instalado en Rúa Fomento, nº 38-Cangas.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 18.2.14 pola Policía Local, que di o seguinte:

*"Nº REX: 313/14*

*ASUNTO: SOLICITUDE DE BAIXA DE PASAXE PERMANENTE EN RÚA FOMENTO*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052012 e 052024, por medio do presente, informan:*

*Que en relación ao escrito presentado por RAFAEL FERREIRO LORENZO, solicitando a baixa de pasaxe permanente en Rúa Fomento, os axentes informan:*

*Que por parte da Policía non hai inconveniente en acceder ao solicitado e postos en contacto co solicitante para que concretase o número da Rúa Fomento, xa que na solicitude non consta, este manifesta que é o nº 38 da Rúa Fomento.*

*Que o solicitante manifesta o seu desexo de anular a súa solicitude e continuar co pasaxe permanente, despois de informalo que igualmente tería que pagar unha taxa municipal pola entrada de carruaxes."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, e polo tanto, non tramitar o procedemento de baixa de sinal de pasaxe permanente solicitado polo Sr. Ferreiro Lorenzo.

#### 5.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN EN RÚA FREIXO

Vista a solicitude do día 21.2.14 presentada por AGUSTÍN IGLESIAS GONZÁLEZ, con enderezo en Rúa Freixo, nº 36-Coiro, na que reclama sinalización na referida rúa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda que polo departamento da Oficina Técnica se proceda á sinalización da rúa Freixo cun sinal de redución da velocidade de 30 Km/h.

### **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

#### **6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### 6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
-------------	----------	---------	---------

COVSA R/Herminia Fariña Cobián Apdo. nº 202 36 003-PONTEVEDRA	AVAL	3.855,11 €	CONSTRUCCIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO MUNICIPAIS 7/10C FEES
ESTRATEGIA PLUS, S.L. R/Serra, nº 9-baixo dta. 36 002-PONTEVEDRA	AVAL	1.437,27 €	CONTRATO DE SERVIZO DE PERSOAL MONITOR PARA IMPARTICIÓN DE CURSOS DE PERSOAS MAIORES DURANTE O PERÍODO 2012-2013

## **7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

### 7.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da sentenza nº 120/2013, recaída no procedemento abreviado nº 213/2011-B.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO-2014**

Vista a proposta da Alcaldía do día 4.3.14, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do Plan Provincial de Emprego para o ano 2014, que di o seguinte:

#### "PROPOSTA

#### SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2014

*A Deputación Provincial de Pontevedra publica no BOP nº 38 de data do 25/02/2014, as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan Provincial de Emprego-2014.*

*A consecuencia da crise económica e máis dificultoso seguir a prestar determinados servizos de interese xeral ou social e incluso servizos básicos e considerando que este*

*municipio acada 3 243 parados, faise preciso un esforzo para mellorar a empregabilidade que facilite a súa futura inserción no mercado laboral.*

*O Concello de Canga cunha poboación de 26 916 persoas e de conformidade co artigo 3 das bases, elabora memoria de necesidades e solicitando axuda para a contratación de 17 traballadores.*

*Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar axuda á Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro da bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan Provincial de Emprego-2014 para a contratación de 17 traballadores.*

*Segundo.- Declarar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidades beneficiarias, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o cumprimento dos requisitos previstos para obter a condición de beneficiario/a da subvención referida no artigo 3 da convocatoria, relativos á súa capacidade técnica e de xestión."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do Plan Provincial de Emprego para o ano 2014.

## **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente